

INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE E IDONEIDADE DA CONTRATACIÓN

EXPEDIENTE: ADQUISICIÓN DE DOUS VEHÍCULOS LIXEIROS PARA O SERVIZO EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece:

"Artigo 28.Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.

1.As entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para cumprir e realizar os seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación."

DATOS PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

1.UNIDADE RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E SUPERVISIÓN DA CONTRATACIÓN

Centro xestor proponente: Convivencia

Unidade encargada do seguimento da execución do contrato: Parque de bombeiros.

2. OBXECTO DO CONTRATO

Establecer as prescrición técnicas que han de rexer a adquisición de dous vehículos lixeiros para o servizo de bombeiros do Concello de Santiago de Compostela.

A adquisición comprende os vehículos totalmente preparados para o seu uso específico dentro do Servizo de Extinción de Incendios, e apto para a circulación, todo iso segundo a normativa vixente.

En cada unidade inclúese, por tanto, tanto o vehículo en si como as transformacións, elementos e equipamento fixos que se detallan no prego.

3.-PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

Aberto

4.- DIVISIÓN POR LOTES

I LOTE: VEHÍCULO TODOTERREO

II LOTE: VEHÍCULO TIPO FURGONETA PARA PERSOAL E MATERIAL.

5. NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR

O servizo de Bombeiros do Concello de Santiago de Compostela, utiliza na actualidade tres vehículos lixeiros que son:

MARCA	MODELO	MATRICULA
LAND ROVER	ANIBAL	9711 - CRT
NISSAN	PATROL	C -0266 - AU
MITSUBISHI	L 200 (con autobomba)	C - 2290 - BL

Debido a súa antigüidade e o seu mal estado de chapa e mecánica e á ausencia e obsolescencia de certos elementos de seguridade, xurde a necesidade de cambialos por dos vehículos lixeiros; un de tipo todo terreo e outro para desprazamento de persoal e diverso material.

Asemade, para garantir a seguridade dos bombeiros cando se desprazan en algunha urxencia, pretendese que os vehículos que empreguen incorporen os sistemas e tecnocloxía de seguridade hoxe en día incorporados aos vehículos.

Seguindo o plan de renovación dos mesmos e con cargo os presupostos do presente exercicio, contemplase a adquisición destes vehículos.

6.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA E OUTROS REQUISITOS DE SOLVENCIA TÉCNICA

O contratista debera ter unha solvencia técnica dos vehículos lixeiros ofertados.

7.- NOMENCLATURA (CPV)

(Indica-la si é coñecida polo centro xestor, no caso contrario indicar neste apartado que "Será a sinalada no Prego de cláusulas administrativas particulares")

8. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O orzamento estimado do lote I:

	PREZO BASE	IVE	PREZO CON IVE	PREZO DOS VEHICULOS PARA ENTREGAR	PREZO TOTAL CON IVE DESCONTANDO O PREZO DOS VEHICULOS PARA ENTREGAR
LOTE IVEHÍCULO TODO TERREO	44.991€	9.448,11€	54.439,11€	2.950,23€	51.488,23€

O ORZAMENTO ESTIMADO DO LOTE II:

	PREZO BASE	IVE	PREZO CON IVE
LOTE IIVEHÍCULO URBANO TIPO FURGONETA DE PERSOAL	38.823€	8.152,83€	46.975,83€

O ORZAMENTO ESTIMADO DOS DOUS LOTES CO IVE INCLUÍDO E **98.464,06**

9. APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Nº Aplicación orzamentaria: 060-13600- 62400

Existencia de cofinanciación

UNESPA

10.-TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN

O orzamento máximo de licitación do lote I:

	PREZO BASE	IVE	PREZO CON IVE	PREZO DOS VEHICULOS PARA ENTREGAR	PREZO TOTAL CON IVE DESCONTANDO O PREZO DOS VEHICULOS PARA ENTREGAR
LOTE IVEHÍCULO TODO TERREO	44.991€	9.448,11€	54.439,11€	2.950,23€	51.488,23€

Q ORZAMENTO MÁXIMO DO LOTE II:

	PREZO BASE	IVE	PREZO CON IVE
LOTE IIVEHÍCULO URBANO TIPO FURGONETA DE PERSOAL	38.823€	8.152,83€	46.975,83€

O ORZAMENTO MÁXIMO DOS DOUS LOTES CO IVE INCLUÍDO E **DE 98.464,06**

11.-PRAZOS DE EXECUCIÓN MÁXIMOS

60 días

12.- ABOAMENTOS Á EMPRESA CONTRATISTA

Pago único.

Santiago de Compostela, 22 de Marzo de 2019

Xefatura do Servizo de Bombeiros

Concelleiro Delegado de Convivencia e Medio Ambiente

MANUEL SANMARTÍN CHAO

XAN DURO FERNÁNDEZ

